

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso dunha praza residencial para un menor

Expediente: G.6.Q/4435/18

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2018

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] referente ao retraso dunha praza residencial para o seu fillo menor.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que se atopa divorciada do seu marido e sufriu violencia de xénero (ten unha orde de afastamento). Ten dous fillos, un menor e outro maior de idade, pero con TEA, cun alto grao de discapacidade. O menos, [REDACTED] (DNI [REDACTED]), atópase atendido nun centro de día, cun horario ata as 5 da tarde. Porén, solicitou o cambio a centro residencial por non poder atendelo, debido a incompatibilidade co seu horario laboral e ao estado de saúde de ambos. Reclama que o cambio se dea con urxencia (por emerxencia), pero aínda non lle concederon a praza.
2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. Confirmouse que solicitara praza en centro residencial. Aprobouse o 6 de decembro do pasado ano, hai mais de medio ano, pero se atopa en lista de espera. Non se indica a previsión respecto do asunto (frecuencia de oferta de prazas, vacantes, previsións de nova creación ou concerto, etc.).
3. Polo exposto requirimos da consellería que con urxencia facilitara aclaración. A Consellería de Política Social xa nola remitiu e sinala o seguinte: *"...é persoa usuaria do Centro de día ... Consultado o SIGAD, ... se atopa no Programa de Asignación de Recursos (PAR) do servizo de atención residencial terapéutica para persoas con autismo dende o 6 de decembro de 2017, á espera de vacante nun centro axeitado. Neste momento hai cinco persoas no PAR en espera do mesmo tipo de recurso e co mesmo ámbito que o solicitado pola persoa interesada (comunidade autónoma) con menor puntuación. Esta posición pode variar continuamente en función dos ingresos e traslados que se producen no PAR, polo que resulta imposible dar unha data aproximada de acceso á praza. A día de hoxe está prevista a creación de novas prazas de centro de día para persoas con autismo, pero non de atención residencial"*.

ANÁLISE

1. Coa información transcrita confírmase que o procedemento de dependencia se atopa retrasado, e que non existen previsións de pronto acceso ao servizo concedido e para o que está en lista de espera.
2. O Decreto 15/2010 conforma dúas fases do procedemento, unha para valorar e outra para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15).
3. A Lei 39/2006 recoñece dereitos subxectivos para as persoas con dependencia. Estas teñen dereito a acceder, en condicións de igualdade, ás prestacións e servizos que contempla a lei (art. 4.1); todos os cidadáns dependentes poden acceder aos servizos e prestacións descritos na norma (art. 3.1.b); e a resolución de recoñecemento da dependencia determina os servizos ou prestacións que corresponden segundo o grao de dependencia (art. 28.3).
4. O expediente debera atoparse resolto e con efectividade nos prazos legalmente previstos; as demoras prexudican gravemente os cidadáns afectados, que polas circunstancias que no seu momento acreditaron precisan atención.
5. As persoas con dependencia, os familiares e os cuidadores mostran a súa desconformidade co atraso constatado na tramitación dos expedientes e porque a avaliación e/ou a asignación e efectividade do PIA non se fixeran, a pesar do tempo transcorrido.
6. Na queixa demándase a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e os amparará especialmente para o goce dos dereitos que este Título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIONES

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se dea efectividade ao servizo asignado en aplicación da lei de dependencia, e que con carácter xeral non se produzan demoras prexudiciais para os afectados.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente,

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo